

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

ANUNCIO de información pública do Plan parcial do solo urbanizable non delimitado número 4 (SUND-4). Rebordaos.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión celebrada o 26 de maio de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente o Plan parcial de ordenación do SUND-4 (Rebordaos), promovido por iniciativa particular de Luis Gigirey y otros, C.B., e elaborado por Anaya Arquitectos.

O documento que se somete a aprobación inicial é o que consta presentado o día 5 de maio de 2023, coas emendas que se relacionan no informe emitido pola arquitecta municipal o día 26 de maio de 2023.

Como condición para a apertura do trámite de participación pública, a promotora deberá presentar un documento refundido que integre todas as cuestións relacionadas no citado informe técnico.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 75.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, e 186.1 do seu regulamento, o plan parcial inicialmente aprobado someterase a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e nun xornal dos de maior difusión na provincia. Simultaneamente, practicarase notificación persoal aos propietarios de todos os terreos afectados, segundo figuren no Catastro.

Con data 21 de xuño de 2023, a promotora presentou un documento reformado, que integra as cuestións sinaladas no acordo de aprobación inicial.

O que se publica co fin de que, durante o prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, os interesados poidan consultar o expediente e formular as alegacións que xulguen oportunas. A documentación sometida a exposición pública estará ao dispor dos interesados no Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística do Concello de Santiago (Pazo de Raxoi, 2º andar), de luns a venres, das 9.00 ás



14.00 horas; e na páxina web do Concello <https://transparencia.santiagodecompostela.gal/PLAN-PARCIAL-DO-SUND-4.-REBORDAOS/gl>

As alegacións poderán presentarse na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela na epígrafe «Catálogo de trámites» a través do trámite «Presentación de documentación e alegacións» e da opción «Achega libre». Deberase introducir o dato 2022/23211N no campo «Referencia» e incorporar o documento das alegacións.

As alegacións tamén se poderán presentar por calquera dos outros medios relacionados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2023

A alcaldesa
P.D. (DEC/2023/8135, do 17 de xuño de 2023)
Iago Lestegás Tizón
Concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica

CVE-DOG: wggxkqt0-2nf0-7yp1-lpk8-acoz2mxa94g3

